

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A FUNDACIÓN VICENTE RISCO PARA DIFUSIÓN, ESTUDO E PRESERVACIÓN DA OBRA DE VICENTE E ANTÓN RISCO

En Santiago de Compostela

REUNIDOS

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, publicado no DOG núm. 94, do 16 de maio e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 119/2022, do 20 de xuño, publicado no DOG núm. 126, do 4 de xullo, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Dona Celia Pereira Porto, con DNI número 32807006J, na súa condición de presidenta da Fundación Vicente Risco, con CIF número G-32214850 e domicilio social na rúa San Lorenzo, número 3, en Allariz (Ourense), que actúa no nome e en representación da devandita Fundación, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

EXPOÑEN

Que, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como



lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.

2. Que as partes asinantes deste convenio manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

3. Que no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponden á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia. Para este fin precisa colaborar, na medida do posible, coas diversas institucións ou entidades que actúan no ámbito autonómico para potenciar e achegar o idioma galego a todos os ámbitos sociais.

4. Que as asociacións e demais entidades culturais sen ánimo de lucro xogan un papel destacado no labor de contribuír ao desenvolvemento e difusión da lingua e da cultura galegas. Concretamente, a Fundación Vicente Risco, constituída no ano 1995 e declarada de interese galego no ano 1996, ten por obxecto difundir, estudar e preservar a obra de Vicente e Antón Risco. Un deles, Vicente, é unha das figuras máis importantes e complexas da historia da literatura galega, que conformou as bases do nacionalismo galego e da nova narrativa galega, defensor da Galicia dos labregos e mariñeiros na que se garda a esencia da raza e o sentimento relixioso da terra.



5. Que para cumprir os seus obxectivos, esta fundación leva a cabo programas e actividades de diversa índole destinados a promover a obra literaria e as figuras humanas de Vicente e Antón Risco, así como para darlle continuidade ao labor realizado polo escritor Vicente Risco nos distintos eidos da vida literaria, social e cultural galega e tamén daquelas ás que, dunha maneira especial, estivo moi vinculado co fin de fortalecer a lingua e a literatura galegas.

6. Que dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver no marco do convenio, soamente poderá levalas a cabo a Fundación Vicente Risco que, ademais, dispón de medios humanos e técnicos a través do persoal da propia fundación. Trátase dun referente único e exclusivo en Galicia e, polo tanto, non resulta posible promover a concorrència pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

7. Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades considera de especial interese para fomentar a lingua e a cultura galegas as actividades que desenvolve a Fundación Vicente Risco e, dado que teñen intereses comúns e coincidentes, desexan colaborar conxuntamente na realización de diversas actividades arredor da vida e obra de Vicente e Antón Risco.

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un novo convenio de colaboración para o ano 2023, que rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e



Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Fundación Vicente Risco para colaborar nos labores de divulgación, estudo e preservación da obra de Vicente e Antón Risco

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a promover a obra literaria e as figuras humanas de Vicente e Antón Risco, así como para darlle continuidade ao labor realizado polo escritor Vicente Risco nos distintos eidos da vida literaria, social e cultural galega.

Segunda.- Obrigas da Fundación Vicente Risco

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización da lingua galega, mediante a sinatura deste convenio a fundación, comprométese a desenvolver as seguintes actuacións:

DIXITALIZACIÓN DE FONDOS DOCUMENTAIS

A Fundación Vicente Risco, nos próximos anos completará o proceso de dixitalización dos amplos fondos documentais en galego que custodia, co obxectivo de polos a disposición do persoal investigador e do público en xeral contribuíndo ao proceso de dixitalización da cultura impulsado dende a administración autonómica.

IMPULSO DA PROXECCIÓN INTERNACIONAL DA OBRA DE VICENTE RISCO EN GALEGO

A Fundación Vicente Risco creará contidos dirixidos a públicos de outros lugares do mundo, continuando a obra de internacionalización da lingua e a cultura galegas iniciada por Vicente Risco e a Xeración Nós. Por iso, traducirán e editarán a obra " La historia de Oriente contada con sencillez". Unha vez traducida ao galego, verterana a outra linguas, comezando polo xaponés e sucesivamente inglés e hindi. Pola magnitude do proxecto, este desenvolverase en anos sucesivos, traducindo cada ano a unha lingua. Así mesmo, porán a disposición do numeroso e amplo público que visita a Fundación, unha escolma de citas de Vicente Risco en francés, italiano, alemán e



polaco coa finalidade de visibilizar a nosa lingua e a nosa cultura en todo o mundo a través das persoas que levan esta publicación aos seus lugares de orixe.

ACTIVIDADES DIVERSAS DE PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA

A fundación durante a vixencia do convenio levará a cabo as seguintes actuacións en torno á figura de Vicente e Antón Risco: Conferencias, cine, exposicións, música, poesía, xornadas literarias, presentacións de libros..... coa finalidade de difundir non só a obra de Vicente e Antón Risco, senón de difundir a propia lingua galega a través destas manifestacións artísticas, facendo especial fincapé no libro impreso como acto de apoio ao sector editorial galego.

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias imprevistas debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das actividades contempladas nesta estipulación, esta modificación ou cambio se instrumentará mediante a correspondente addenda.

A Fundación Vicente Risco encargarse de levar a cabo todos os traballos de recompilación de obras e textos, estudos e traballos de investigación sobre a súa vida e obra, e aqueloutros que sexan necesarios para promover, preservar e divulgar a súa obra.

A Fundación encargarse de organizar, administrar, xestionar e contratar o persoal e as colaboracións que se precisen para a execución das actuacións previstas neste convenio.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e o uso dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuito para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.



Terceira.- Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades do convenio.

Cuarta.- Fondos documentais

Por mutuo acordo das partes asinantes, os fondos documentais da fundación que pasen a constituír a biblioteca e arquivo poderán ser accesibles de maneira gratuíta, a estudosos e investigadores da obra de Vicente e Antón Risco, e en todo caso, baixo a responsabilidade da fundación sobre os dereitos de propiedade intelectual que poidan derivarse do acceso aos citados fondos documentais.

Quinta.- Financiamento

O importe total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **13.000,00 €**, importe que se sufragará coas seguintes achegas:

- A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborará na realización das actividades obxecto deste convenio cunha cantidade de **10.000,00 €**, con cargo á partida orzamentaria 10.02.151A.640.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023.
- A Fundación achegará a cantidade restante de **3.000,00 €**.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.



Sexta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

Para percibir a correspondente achega, a Fundación Vicente Risco deberá presentar telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2023 a seguinte documentación:

- . Certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante as correspondentes facturas.
- . Certificación de que as contas anuais da fundación foron presentadas ao protectorado e depositadas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego (art.38 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese galego).
- . Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- . No caso de que se publiquen traballos entregarase nesta Secretaría Xeral un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.

No suposto de que a entidade precise contar coa colaboración de medios alleos pola especificidade ou características técnicas das actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio e por iso, xustifique gastos de persoal, a suma destes gastos non poderán superar o 30% do importe total do convenio.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.



Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o seu pagamento deberá presentar:

- . Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- . Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia de Facenda e Administracións Públicas.
- . Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A Fundación facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades reserva para si o dereito de solicitar canda documentación considere precisa en relación coa xustificación do cumprimento do convenio, así como a realización das actividades de control e seguimento do cumprimento das actividades previstas neste convenio.

Sétima.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas



do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerarase causa específica de resolución deste convenio.

Oitava.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Novena.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das dúas partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.



Décima.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2023. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestamento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décimo primeira.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeados polo seu titular, e dous representantes da Fundación Vicente Risco.

Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo segunda.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo terceira.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal



xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo cuarta.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo quinta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



Décimo sexta.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sétima.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a



normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo oitava.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade, as partes comparecentes asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades

Román Rodríguez González

A presidenta da Fundación

Vicente Risco

Celia Pereira Porto

